

DOCE ANOS DE EXPERIENCIA PEDAGÓXICA NO I.B. "ARCEBISPO XELMÍREZ I"

Xosé Calviño Pueyo
I. B. "A. Xelmírez I" (Santiago de Compostela)

PRESENTACIÓN DA EXPERIENCIA PEDAGÓXICA

O modelo educativo

Un grupo de profesores e profesoras do I.B. "Arcebispo Xelmírez I" de Santiago de Compostela, convencidos de que o sistema educativo tradicional adocece por unha serie de defectos (academicismo, competitividade, memorismo, pasividade, fracaso escolar...), que impiden unha verdadeira formación de persoas, estamos a traballar, desde o curso 1985-1986, nun proxecto educativo, que ten como presupostos básicos os que de seguida imos presentar, e que han de servir de marco no que se concreten as programacións de cada curso.

O proxecto é, por unha parte, sinxelo, en canto que se basea nos principios máis elementais dunha pedagogía que ten por obxectivo central a **formación de persoas que teñan unha actitude crítica e aberta na sociedade** (na liña que nos van propoñendo os representantes do enfoque crítico na educación, desde Paulo Freire ata Apple, Giroux, Carr, Kemmis, etc.), e, por outra parte, é un proxecto que supón un **cambio real e importante** no sistema educativo que de feito non se ven practicando na meirande parte dos centros educativos.

O proxecto nace tamén do convencemento de que o importante non é o cumprimento a nivel individual dun programa que nos dan feito, senón da aceptación de que un proceso educativo que pretenda ser creativo e adaptado ás circunstancias e necesidades do alumnado, que defenda o principio de constante revisión e avaliación do sistema, esixe un traballo en equipo.

Así pois, esta Experiencia opta por un modelo educativo que atopa as súas bases teóricas máis salientables no **constructivismo** de Piaget, completado con aportacións sobre o **sentido social da Educación** en Vygotsky, na teoría da **aprendizaxe significativa** de Ausubel e Novak, e nas orientacións do **enfoque crítico** na educación. En calquera caso, estas teorías só nos aportan os principios inspiradores dunha acción didáctico-pedagóxica que debe ser o resultado das nosas experiencias educativas, aínda que analizadas e debatidas desde os principios asumidos. Os grandes principios teóricos, que orientan a nosa práctica educativa pódense resumir nos seguintes puntos:

- Antes dos 16 (18) anos, a intelixencia (a mente) dos rapaces **está en formación** e, por tanto, aínda que a educación sempre implica transmisión de cultura e socialización, o proceso educativo non pode quedar reducido a unha simple memorización de conceptos, ou, como di Piaget, non debe consistir en amoblar intelixencias xa feitas, pero ignorantes, senón en facilitar e potenciar (cos recursos e técnicas propios dunha **institución especializada**) a **construcción** (ou **autoconstrucción**) das mentes que

están en período de formación. Isto implica atender, non só á asimilación de contidos conceptuais, senón tamén ás capacidades e ás actitudes e valores.

- A educación debe ter en conta as **etapas** deste proceso constructivo, axeitando as técnicas e recursos a cada momento e, mesmo, a cada alumno ou alumna. Neste sentido, debemos recordar que nos cursos nos que realizamos a Experiencia con máis intensidade (1º e 2º de BUP) o alumnado atópase nos difíciles momentos de asentarse e progresar na etapa das operacións formais. Isto esixe ter en conta:
 - Que a nivel intelectual, o alumnado está capacitado, teoricamente, para introducirse nas **manifestacións máis abstractas** do pensamento, pero que na práctica necesitan moita axuda para dar este difícil paso. Por isto, o proceso educativo debe organizar e presentar tarefas que impliquen lecturas comprensivas, actividades de análise e síntese, problemas que esixan razoamentos de tipo inductivo e hipotético-deductivo, oral e escrita, procesos de inferencia deductiva... potenciando, en todo caso, a capacidade analítica e crítico-creativa dos alumnos e alumnas.
 - Que a nivel emocional-afectivo, os adolescentes atópanse nunha etapa de **desvinculación e identificación persoal e de inserción persoal** a través dos grupos de iguais. O sistema educativo pode axudar neste crítico momento propondo actividades e experiencias que permitan un coñecemento e vivencia directos dos problemas reais da sociedade, con reflexión e debates abertos e críticos, así como facilitando experiencias e relacións interpersoais favorecedoras do autoconhecimento, a autoconfianza, a solidariedade, a cooperación, etc.
- A acción educativa, dirixida a rapaces en período de desenvolvemento psico-afectivo, debe organizarse de xeito que posibilite ese desenvolvemento **en todos os alumnos e en todos os aspectos** que definen a correspondente etapa á que pertencen, e respectando as características persoais e as diferencias e diversidade dos membros do grupo. O dereito á educación non se pode converter nun proceso de selección e marxinação.
- A construción de intelixencias e personalidades sempre é dalgunha maneira autoconstrución, realizada, por tanto, a través da **actividade**, sobre todo, mental, do alumnado, aínda que organizada e orientada polo profesorado.
- A asimilación dos aspectos relevantes da **cultura**, necesaria para un desenvolvemento integrado, debe facerse potenciando e incidindo no que Vygotsky chama "zonas de desenvolvemento próximo", é dicir, axudando a exercitar as potencialidades do alumnado, mediante as explicacións sinxelas e claras, a orientación e a axuda nas tarefas escolares, a presentación de actividades asequibles e propiciadoras da autoconfianza e autonomía, o **traballo en grupos**, etc.
- Na liña da Teoría da aprendizaxe significativa, os profesores deben utilizar unha metodoloxía que posibilite que os novos contidos **conecten** coa mente do alumnado e co que realmente xa sabe. É fundamental, por tanto, que se produza esa conexión e que os novos coñecementos se integren na estrutura mental dos alumnos, convertíndose en forma de pensar e actuar sobre a realidade.

Principios básicos da Experiencia Pedagóxica

Partindo do modelo educativo e dos presupostos metodolóxicos asumidos, os principios básicos que definen a Experiencia Pedagóxica, e que deben dar unidade á acción educativa dos grupos experimentais, poden resumirse da seguinte maneira:

1.- Preténdese que o ensino se realice nun ámbito máis **humanizado**, onde predominen as relacións persoais que favorezan a formación de personalidades equilibradas, creativas e críticas. Isto esixe crear un clima favorecedor da autoestima, a participación e a solidariedade.

2.- Os **obxectivos** da Experiencia, lonxe de orientarse cara ao memorismo mecánico de contidos, diríxense cara á aprendizaxe asimilada, non só de **contidos interesantes** (no sentido de intelixibles e significativos), senón tamén de **capacidades e actitudes** que favorezan a presenza activa e crítica dos alumnos na sociedade.

En consonancia co modelo constructivista, e tendo en conta que os alumnos e as alumnas destas idades están no período formal, pero aínda necesitados de experiencias concretas e de vivencias que lles permitan conectar o mundo formal da cultura coas experiencias vividas, optamos, na medida do posible, por obxectivos experienciais abertos, que Eisner entende como as propias actividades ou experiencias a realizar, e por obxectivos con carácter globalizador e interdisciplinar, no sentido de proxectos que impliquen actividades e aprendizaxes en diversos aspectos dunha ou varias áreas.

METAS ORIENTADORAS DA ACTIVIDADE

- *Coñecemento e vivencia da realidade física e socio-cultural, profundizando no estudio e aproximación a Galicia a abríndose á diversidade de Europa e do mundo.*
- *Mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita e a educación corporal, como medios de autoconhecimento e de comunicación.*
- *Desenvolver hábitos de observación, análise e investigación.*
- *Fomentar actitudes de respecto á propia identidade e á diversidade de culturas.*
- *Posibilitar actitudes críticas ante os problemas da desigualdade do mundo e ante os perigos que ameazan ao noso planeta.*
- *Fomentar actitudes de autoaceptación e de convivencia solidaria.*

3.- Preténdese un **ensino activo**, no sentido de que o alumnado, a través da realización -individual e en grupos- das actividades organizadas polos grupos de profesores, progresen nos coñecementos, capacidades e actitudes propostos.

VIAXES PEDAGÓXICAS			
<ul style="list-style-type: none"> • Preparación da viaxe (15-30 días) • Visita de estudos: actividades de campo • Realización de traballo de grupo • Avaliación da Unidade 			
	1º de BUP	2º de BUP	3º de BUP
1º T R I M E S T R E	UNIDADE INTERDISCIPLINAR "O medio físico: Península do Barbanza"	UNIDADE INTERDISCIPLINAR "Mundo físico: poboación e desigualdade: dunha aldea galega e unha cidade europea"	
	BARBANZA 4 días	CAUREL 4 días	
2º T R I M E S T R E	UNIDADE INTERDISCIPLINAR "A natureza e a vida: Ancares"	UNIDADE INTERDISCIPLINAR "Mundo físico: poboación e desigualdade: dunha aldea galega e unha cidade europea"	VIAXE DE ESTUDIOS 12/14 días
	ANCARES 4 días	LISBOA 7 días	ITALIA
			AUSTRIA HUNGRIA
			PARÍS PAISES BAIXOS
3º T R I M	UNIDADE INTERDISCIPLINAR "Ser humano e producción"	UNIDADE INTERDISCIPLINAR "Asentamentos e producción"	
	VIGO 4 días	CORUÑA GANDARIO 4 días	

Este sistema activo que defendemos esixe, ademais, que o proceso educativo non quede reducido ás aulas, desmitificando así o puro carácter académico e formalista do saber e da cultura. Neste sentido poténcianse moito as **actividades de campo** para que, a través do contacto directo coa realidade, se profundice nos obxectivos propostos, o mesmo que as **viaxes de estudio**, que exemplifican o estudiado previamente no contexto da Unidade interdisciplinar da que constitúen o núcleo.

Esta Experiencia foi tamén quen iniciou no Instituto unha serie de **talleres** -medio ambiente, teatro, xornalismo, radio, fotografía, deportes...-, que poden abrir expectativas e descubrir potencialidades e intereses con frecuencia adormecidos.

4.- Fronte ao sistema de avaliación centrada nos “exames”, pretendemos unha **avaliación continua da actividade realizada e integrada no proceso educativo**, que atenda non só aos aspectos máis facilmente cuantificables, senón tamén a aspectos cualitativos que inciden (a máis próximo ou longo prazo) na formación do alumnado. Esta avaliación requirirá criterios e técnicas plurais e diversos: “libretas de clase”, exercicios, probas, comentarios de texto, lecturas, recensións, traballos individuais e de grupo, cadernos de campo, diarios de viaxe, mapas conceptuais, actitudes, participación, autoavaliación,...

INVESTIGACIÓN SOBRE A “EXPERIENCIA PEDAGÓXICA”

Unha vez que xa estaba en pleno funcionamento a Experiencia Pedagóxica, pois os grupos fundadores da mesma xa iniciaban o último curso de BUP, decidimos realizar un estudio-control co grupo que entraba na experiencia no curso 1.988-89.

Esta investigación, realizada co asesoramento técnico dun equipo de profesores da sección de Pedagogía da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, coordinado polo Director do Departamento de Métodos e Investigación, profesor Francisco Javier Tejedor, constituíu o núcleo dunha tese de doutoramento realizada polo coordinador da Experiencia Pedagóxica (e autor deste artigo), e dirixida polo profesor Javier Tejedor.

O obxectivo principal desta investigación era o de “profundizar nas ideas innovadoras da Experiencia Pedagóxica, mellorar o seu funcionamento e indagar, con método, sobre o alcance e resultados desta experiencia innovadora”.

A esencia da “investigación na acción”, que, en maior ou menor medida, sempre pretenderon os máis de cincuenta profesores e profesoras que levan participado neste proxecto, é precisamente a reflexión e estudio sobre a propia actividade docente, para que esta non funcione a cegas.

Trataremos, pois, de presentar e analizar agora os principais datos e conclusións obtidos nesta investigación, que nos servirán de apoio para unha nova autoavaliación da propia experiencia.

Breve identificación dos grupos de estudio

O *grupo experimental* está formado por 33 membros (19 alumnos e 14 alumnas). Dado que ningún deles repite o primeiro curso, este grupo mantense practicamente idéntico en 2º de BUP, coa baixa dunha alumna que, por razóns familiares, seguiu os seus estudos fóra de España. Ao pouco tempo de empezar o segundo curso de BUP, dúas alumnas (irmás) deciden incorporarse ao mundo do traballo e, a mediados do curso, outro alumno abandona os estudos para facer o servizo militar. O grupo queda así, finalmente, constituído por 29 alumnos/as.

O *grupo de control*, elixido ao azar de entre os outros grupos de 1º de BUP, estaba formado por 35 membros (21 alumnos e 14 alumnas). Debido a que repiten 10 alumnos/as no 1º de BUP, este grupo queda moi desfigurado á hora de pretender facer un seguimento dos grupos, e, no seu momento, deberemos ter en conta que os dez alumnos/as con máis problemas neste grupo non forman xa parte del no segundo ano de investigación. Polo demais, neste grupo non houbo outro tipo de baixas e completouse con outros 8 alumnos (que non foron obxecto de estudio-control) ata constituír un total de 32 alumnos/as no segundo curso.

Téñanse en conta que esta investigación se centrou nos dous primeiros anos de BUP por dúas razóns principais: unha, porque a Experiencia se pode facer con máis intensidade nestes grupos nos que aínda non “pesa moito” o influxo da Selectividade nin a optatividade de asignaturas (que aumenta enormemente o número de profesores que imparten clase a partir de 3º de BUP); outra, porque estes dous cursos fan ser os que se converterían no “ensino obrigatorio”, formando o segundo ciclo da ESO.

Punto de partida e fases do estudio-control

O estudio-control realízase atendendo, sobre todo, a unha análise comparada dos resultados obtidos polos dous grupos nas aplicacións das seguintes probas¹:

- Cuestionario de actitudes cívico-sociais.
- Cuestionario de variables psicolóxicas.
- Test de aptitudes escolares.

Tamén se terá en conta o estudio comparado dos resultados académicos dos dous grupos. Finalmente, tamén se fará referencia ás valoracións dos diversos sectores implicados no proxecto (pais, alumnos...).

As aplicacións realizadas nos dous grupos foron as seguintes:

- 1º aplicación: outubro de 1988.

¹ Todas estas probas están homologadas polo C.I.D.E. e son adecuadas ao nivel de idade do alumnado ao que se lle aplica.

- 2º aplicación: xuño de 1989.
- 3º aplicación: xuño de 1990.

En canto ao **punto de partida** detectouse unha semellanza moi beneficiosa para o desenvolvemento desta investigación, pois axudou a anular a posible incidencia nos resultados de variables que non eran obxecto de estudo:

- 1) A parte das tres probas indicadas (e doutras moitas probas e estudos que non se citan por falta de espazo), o estudo iniciouse cun cuestionario de datos persoais e variables sociolóxicas. Os resultados revelaron que non hai diferencias significativas en ningunha das variables de natureza sociolóxica (número de irmáns, situación familiar, situación laboral dos pais, expectativas académicas...).
- 2) En canto aos resultados da primeira aplicación (outubro de 1988) dos tres tipos de probas sinaladas, tampouco hai diferencias significativas en ningunha das variables relacionadas coas actitudes cívico-sociais nin coas variables psicolóxicas. En cambio, atópase diferenza significativa, a favor do grupo experimental, en tres das oito variables referidas a aptitudes escolares, destacando esta diferenza, que chega a ser do 1%, en "razoamento" e en "aptitudes escolares".
- 3) Polo que se refire ás cualificacións académicas obtidas ao rematar 8º de EXB, non hai diferencias de relevancia, se ben as diferencias son a favor do grupo de control nas seis materias que se analizan (Lingua galega, Lingua española, Matemáticas, C. Naturais, C. Sociais, Idioma.).

Trátase, por tanto, de dous grupos moi homoxéneos, mesmo na súa composición, e con coñecementos e resultados académicos case idénticos ao entrar no Instituto.

Análise comparada de resultados nas variables estudias

1.- Actitudes cívico-sociais

Atendendo aos resultados das tres aplicacións podemos comprobar os seguintes aspectos:

- a) Os alumnos do grupo da Experiencia aumentan en todas as variables, o mesmo que os do grupo-control, agás na variable "eficacia", na que o grupo de control diminúe.
- b) O aumento é maior no grupo experimental en catro das seis variables estudias ("tolerancia", "eficacia", "criticismo", e "tolerancia xeral"), mentres que o aumento é maior no grupo-control en dúas das variables ("antiautoritarismo" e "dereitos da muller").
- c) Os valores medios finais (da 3º aplicación de xuño de 1990) dan sempre unha diferenza a favor do grupo da Experiencia.

Todo isto parece confirmar que a Experiencia Pedagóxica ten incidencia de consideración nas actitudes cívico-sociais e camiña na dirección de potenciar unha formación integral das persoas, que non só atenda aos coñecementos, senón tamén ás actitudes e valores, formando persoas críticas e abertas para que sexan axentes activos na sociedade.

2.- Variables psicolóxicas

Os resultados obtidos nas tres aplicacións permítenos facer as seguintes consideracións:

- Os alumnos e alumnas do grupo experimental melloran nas oito variables psicolóxicas (ansiedade, obsesión, depresión, desorganización, baixa motivación, rexistros fisiolóxicos, satisfacción no traballo e condicionamento), mentres que o alumnado do grupo de control empeora en tres variables: “ansiedade”, “obsesión” e “condicionamento”.
- En cinco das oito variables, a mellora que se produce nestes dous cursos académicos é maior no grupo experimental que no de control.

Estes resultados semellan dicir que mentres a Experiencia tende a potenciar a **humanización** do ensino e a **autonomía** do alumnado, como expresamente pretende, o alumnado do grupo-control empeora en variables tan decisivas na adolescencia como as que se relacionan coa “ansiedade” ou o “condicionamento”.

3.- Aptitudes escolares

A investigación realizada neste ámbito lévanos ás seguintes reflexións:


- Tanto o grupo experimental como o grupo de control aumentan en todas as variables (palabras diferentes, vocabulario, razoamento, factor numérico, factor verbal, aptitudes escolares), como era de esperar ao tratarse de mellora en aptitudes escolares.
- Nas únicas variables nas que se aprecia diferenza significativa é a favor do grupo experimental e, precisamente, en variables relacionadas coa linguaxe (“palabras diferentes” e “factor verbal”), que constitúe un obxectivo expreso da Experiencia.

Resultados académicos e valoración dos participantes na Experiencia


Merece unha análise especial os resultados académicos, na medida en que unha das grandes metas desta Experiencia é a de **reducción do fracaso escolar** e as posibles implicacións marxinatoras que se seguen do mesmo.

Tal vez as seguintes gráficas nos mostren ben as claras diferenzas de resultados obtidos no primeiro ano de Instituto.

Gráfica 1: Porcentaxes de Ins., suf., bens, not., e sobr. correspondentes ás asignaturas de L. galega, L. española, Matemáticas, C. naturais, C. sociais, obtidas en xuño de 8º de E.X.B. (curso 1987-88).



Gráfica 2: Porcentaxes de Ins., suf., bens, not., e sobr. correspondentes ás asignaturas de L. galega, L. española, Matemáticas, C. naturais, Historia, obtidas en xuño de 1º de B.U.P. (curso 1988-1989).



Podemos constatar como dous grupos que aparecen absolutamente similares nas cualificacións de 8º de EXB (xa queda indicada a pequena vantaxe do grupo de control), feitas en centros educativos diversos e con grande variedade de profesorado, ao rematar o primeiro curso de BUP aparecen cunha diferenza brutal de cualificacións, sobre todo no que se refire aos sobresalientes, pero dunha maneira alarmante no que se refire aos suspensos, que son sinónimos de fracaso.

En todo caso, os efectos dos insuficientes aínda evidencian máis claramente o drama do fracaso se atendemos ao número de alumnos/as que “repiten curso” e o número que promocionan curso con “asignaturas pendentas”, pois practicamente o 50 % (exactamente o 49%) do alumnado ten algún tipo de fracaso no grupo de control, tan só no primeiro ano de bacharelato, mentres que no grupo experimental esa porcentaxe quedou reducida a un excepcional 3%.

Táboa 1: Porcentaxes de “fracaso” en 1º de BUP entre xuño e setembro.

GRUPO	Aproban todo		Suspenden 1-2 e Promocionan con “pendentes”		Repiten curso		
	nº alum.	%	nº alum.	%	nº alum.	%	
Experimental	33	32	97	1	3	-	-
Control	35	18	51	7	20	10	29

Algún fracaso: Experimental: 3 %
Control: 49 %

Podemos analizar agora as porcentaxes de alumnos que promocionan curso nos dous anos (1º e 2º de B.U.P.), que hoxe son obrigatorios.

Táboa 2.

GRUPO	Curso	Nº alumnos	Repiten	Promocionan	%
Experim.	1988-89	33	--	33	100
	1989-90	33	1	32	97
Control	1988-89	35	10	25	71
	1989-90	25	5	20	57

REPITEN CURSO NESTE CICLO DE 2 ANOS: *Experimental:* 3 %
Control: 43 %

A táboa 2 parece indicar, á parte do enorme fracaso dun grupo “normal”, que a Experiencia camiña pola vía de conseguir que **todos** os alumnos participen nas actividades educativas que configuran o deseño curricular **sen repetir** ditas actividades, procurando así potenciar o desenvolvemento natural do alumnado e evitar os problemas que para o bo desenvolvemento da personalidade dos adolescentes implica o fracaso escolar -e social- da repetición de curso, sobre todo nos niveis de ensino obrigatorio.

Sempre quedará en pé a dúbida de se as diferencias tan grandes non poden estar influídas polo feito de que nos grupos experimentais se “regalen” as notas a priori. Para responder -na medida do posible- a estas obxeccións, podemos ter en conta as valoracións que fan da Experiencia, tanto o profesorado como os pais e nais e os mesmos alumnos e alumnas². Nesta mesma tese-investigación recóllense valoracións deste tipo e a verdade é que sobrepasan en moito a frialdade dos datos dos tests e das cualificacións. E tampouco se pode deixar de citar o feito de que esta Experiencia teña doce anos de existencia e siga adiante. Non se trata, xa que logo, dunha proposta utópica- aínda que tamén-, que malámente se sostén uns meses, nin dunha “experimentación altruísta para encher un momentáneo afán de investigación. A experiencia Pedagóxica converteuse nunha maneira de ser profesional do ensino e nun xeito de entender a acción educativa por parte dun numeroso grupo de profesoras e profesores.

A “medida” da Selectividade

Na tese que recolle a investigación sobre a Experiencia dedícanse unhas páxinas, baixo o título “O problema da Selectividade” (páx. 145-152), a intentar demostrar que esta é unha proba “antipedagóxica, inxusta e que pode resultar cruel”. Pero en todo caso, é unha realidade que hai que superar para acceder aos estudos superiores e iría contra a nosa profesionalidade o facer caso omiso deste problema. De feito, cando no curso 1987-88 case se interrompe este proxecto innovador pola

² Pódese consultar a Revista XELMIREZ -número extra: “10 ANOS DE EXPERIENCIA PEDAGOXICA”-, publicada por XERAIS no ano 1996, na que cada unha das primeiras dez xeracións valoran “a distancia” ó seu paso pola Experiencia do I.B. “A. Xelmírez I”.

oposición da Dirección do Instituto, a decisión de aprobación definitiva desta Experiencia non se fixo efectiva, por parte da Consellería de Educación, ata que non se coñeceron os resultados da primeira promoción experimental na selectividade. E para nós resulta tamén gratificante o comprobar que un ensino máis humanizado, máis activo, con moitas máis actividades de campo e viaxes de estudo, non orientado a seleccionar senón a axudar a que **todos** exerzan o seu dereito á educación... ten moi bos resultados nas probas oficiais esixidas para continuar estudos universitarios.

Como comprobación destas afirmacións recollemos dos estudos realizados os datos máis relevantes.

Táboa 3: Historial da promoción á que pertencía o primeiro grupo, voluntario da Experiencia (1986-90).

GRUPO ALUMNOS:	que inician 1º de BUP Outubro 86	que repiten curso nos 3 anos de BUP	que aproban COU en xuño do 1990	que aproban Selectivo en xuño do 90
Total da promoción	281	110 = 39 %	86 = 30,5 %	53 = 19 %
Experimental	40	7 = 17,5 %	23 = 57,5 %	17 = 43 %

Táboa 4: Historial dos dous grupos obxecto de estudo da tese-investigación. A táboa está tomada da revista XELMÍREZ "extra", antes indicada.

GRUPO Alumnos/as:	que inician outubro 1988	que obteñen o título de bacharelato xuño de 1991	que aproban COU xuño 92	que aproban Selectiv. xuño 1992
Experimental	33	27 = 82 %	16 = 48 %	15 = 45 %
Control	35	18 = 51 %	9 = 26 %	8 = 23 %
MEDIA DO INSTITUTO		52 %	30 %	19 %

Baixo a frialdade destas cifras, pódese descubrir o xeito de funcionar un sistema (moitas veces, máis alá da vontade explícita dos executores finais), que, se por deber tería que estar ao servizo dos cidadáns, colaborando na súa formación, a través da motivación, da comprensión, da axuda pedagóxica... na práctica convértese nun proceso de selección continua, ata acabar afirmando que só un 30 % dos cidadáns -xa seleccionados ao longo dos oito anos de EXB-, poden rematar con éxito o nivel de ensino medio, e menos dun 20% merece acceder aos estudos superiores. A selección é extraordinariamente grande nun período de tempo moi pequeno: o 50 % do alumnado

fracasa durante os estudos de bacharelato; destes, outro 50 % non rematan con éxito o COU en xuño; e destes, o 25 % non pasan a Selectividade (e queda o 19 % de seleccionados³).

Neste contexto, hai que recoñecer que a Experiencia Pedagóxica non se pode substraer da dinámica do sistema educativo xeral, e que, por tanto, tamén se da aquí certo proceso de selección. Sen embargo, os estudos comparados realizados amosan claramente como o proceso de selección deixa de ser un obxectivo e case se consegue que o 50 % (estamos no 44%) do alumnado poida acceder a estudos superiores. E o que resulta máis importante, os estudos realizados en torno á Selectividade parecen confirmar que a redución do fracaso non é debido ao simple feito de non suspender, senón unha **consecuencia** de cambios no modelo educativo e na práctica pedagóxica. Tamén podemos concluír que o estudo menos memorístico, máis activo e participativo, con moitas actividades de campo e viaxes de estudo, se se presentan e organizan ben, non só non rebaixan o nivel de coñecementos, senón que os aumentan, sobre todo, en calidade de comprensión e significatividade.

CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS

Antes de entrar en cuestións concretas, gustaríame expresar o espírito que latexa -atrévome a dicir que en todas as profesoras e profesores que asumen voluntariamente este proxecto- e que fundamenta esta Experiencia Pedagóxica: o deber moral (ou o “compromiso ético-político”, en expresión dos pensadores críticos), gustosamente adquirido, e convertido tamén en “sentido de vida” de quen se adica ao ensino, de ser axentes activos, creadores e solidarios no proceso de axudar a formar persoas.

E xa recollendo ideas da tese-investigación, imos presentar algunhas conclusións-propostas:

- 1º. Tal vez a primeira gran conclusión sexa a de comprobar a necesidade de **HUMANIZAR O ENSINO**.
- 2º. Para os niveis de ensino non universitario e, en concreto, para os que correspondan coas idades de 14-15 anos (1º e 2º de BUP ou 3º e 4º da ESO), pero que tamén habería que adecuar aos niveis anteriores non tratados aquí, o ensino debe perder formalismo e especialización excesiva (pero non rigor nin boa organización) e debe potenciar o saber interdisciplinar -e os contidos transversais-, expresados en **DESEÑOS DE TIPO EXPERIENCIAL** (abertos e flexibles), que de ningunha maneira se restrinxa á actividade pechada na aula.
- 3º. Hai que procurar unha **AVALIACIÓN INTEGRADA NO PROCESO EDUCATIVO**. Isto esixe non identificar avaliación con exames ou cualificacións e potenciar unha avaliación:
 - Que valore todo o proceso educativo, incluíndo a todos os integrantes deste proceso.

³ Por suposto, non se trata sempre dun fracaso absoluto, pois hai quen supera o trauma da “repetición” ou do “suspenso” e continúa os seus estudos. Pero isto non impide denunciar a función enormemente seleccionadora que exerce o sistema educativo neste crucial período de catro anos.

- Que sexa continua, non no sentido de estar examinando sempre de todo, senón en tanto que intente valorar toda a actividade realizada durante o período que se avalía.
 - Que forme parte do propio proceso de ensino-aprendizaxe, de xeito que as actividades realizadas sexan simultaneamente actividades de aprendizaxe e de avaliación (lecturas, recensións, traballos, probas, viaxes de estudio...).
 - Que sexa orientadora, tanto para o alumnado como para o profesorado, de maneira que nos guíe nos cambios, revisións e innovacións que se deban ir incorporando durante o proceso.
 - Que a avaliación sexa, non un proceso de selección, senón un importante instrumento de mellora do **ensino para todos** e, por tanto, de **redución do fracaso escolar**, realizando unha función motivadora e de reforzo positivo.
- 4º. A nosa investigación tamén nos leva a confirmar a necesidade de atender aos seguintes aspectos como presupostos de calquera cambio educativo innovador:
- a) **Motivación do profesorado.**
 - b) **Mellorar as condicións nas que se realiza o ensino.**
 - c) **Mellorar o horario de traballo** (redución de horas lectivas)
 - d) Necesidade de **formación do profesorado.**

BIBLIOGRAFÍA. (Só se cita aquela que ten máis incidencia na Experiencia)

- AUSUBEL e outros (1983):** *Psicología educativa. Un punto de vista cognoscitivo.* México, Trillas.
- CALVIÑO, X (1990):** *Avaliación dun programa de innovación integral en BUP (1º-2º) no I.B. "A. Xelmírez".* Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. Microficha núm.165.
- CARR-KEMMIS (1988):** *Teoría crítica de la enseñanza. La investigación-acción en la formación del profesorado.* Barcelona, Martínez Roca.
- EISNER, E. (1987):** *Procesos cognitivos y curriculum. Una base para decidir lo que hay que enseñar.* Barcelona, Martínez Roca.
- FERNANDEZ PEREZ, M. (1988):** *Evaluación y cambio educativo: El fracaso escolar.* Madrid, Morata.
- GIMENO SACRISTAN, J. (1989):** *El Curriculum: una reflexión sobre la práctica.* Madrid, Morata.
- GIMENO SACRISTAN e PEREZ GÓMEZ (1985):** *La enseñanza: su teoría y su práctica.* Madrid, Akal.
- GIROUX, H. A. (1990):** *Los profesores como intelectuales. Hacia una pedagogía crítica del aprendizaje.* Madrid, Paidós/MEC.
- NOVAK, J. (1982):** *Teoría y práctica de la educación.* Madrid, Alianza.
- PIAGET, C. (1977):** *Psicología y pedagogía.* Barcelona, Ariel.
- ROSALES, C. (1990):** *Evaluar es reflexionar sobre la enseñanza.* Madrid, Narcea.
- SANTOS GUERRA, M. A. (1993):** *La evaluación: un proceso de diálogo, comprensión y mejora.* Archifona (Málaga), Aljibe.
- TORRES, X. (1987):** *El curriculum oculto.* Madrid, Morata.